

ORACIÓN POLOS DEFUNTOS

No nome do Pai, e do Fillo, e do Espírito Santo. Amén

“Igual que todos morren por Adán, así tamén por Cristo todos revivirán”. (1Cor 15, 22)

Salmo

R/. O Señor é o meu pastor, nada me falta.

*V/. O Señor é o meu pastor; nada me falta.
Ós pastos verdecentes lévame a repousar,
lévame a beber ás augas tranquilas:
El repón as miñas forzas.
Guíame por vereas rectas,
por mor do seu nome.*

R/. O Señor é o meu pastor, nada me falta.

*V/. Se tiver de pasar por valgadas sombrizas,
Ningún mal temería, pois ti vas comigo:
o teu bastón e o teu caxato son o meu sosego.*

R/. O Señor é o meu pastor, nada me falta.

*V/. Ti pos para min a mesa,
á cara dos meus inimigos;
únxesme con perfume a cabeza,
e a miña copa reborda.*

R/. O Señor é o meu pastor, nada me falta.

*V/. A túa bondade e o teu amor vanme seguindo
todos os días da vida.
Eu habitarei na casa do Señor
ó longo dos meus días.*

R/. O Señor é o meu pastor, nada me falta.

Preces

Invoquemos confiadamente ó Deus da vida e pidámoslle que escoite a nosa oración:

- Polos nosos defuntos (**recordamos os seus nomes**) que morreron coa esperanza da resurrección, para que vivan en Cristo para sempre. Roguemos ó Señor.

R/. Señor, escoita e ten piedade.

- Por todos os que nos precederon co sinal da fe, por todos os fieis defuntos, para que alcancen a plenitude da vida eterna. Roguemos ó Señor.

R/. Señor, escoita e ten piedade.

- Polas persoas falecidas durante este tempo de pandemia, para que gocen da paz e o descanso eterno. Roguemos ó Señor.

R/. Señor, escoita e ten piedade.

- Por todos os que se desesperan ante a enfermidade e a morte, para que sexan consolados coa esperanza da resurrección futura. Roguemos ó Señor.

R/. Señor, escoita e ten piedade.

- Por nós e todos os que sofren a morte dos seus seres queridos, para que experimentemos o consolo da fe. Roguemos ó Señor.

R/. Señor, escoita e ten piedade.

Fieis á ensinanza de Xesús, o noso Salvador, digamos unidos na fe:

Noso Pai que estás no ceo...

Oración

Oh, Deus, que concedes o perdón dos pecados
e queres a salvación de todos,
por intercesión de santa María, a Virxe, e de todos os santos,
invocamos a túa clemencia para que concedas ós nosos familiares,
amigos e benfeitores que saíron xa deste mundo,
chegar á asemblea da eterna benaventuranza do ceo.
Por Xesucristo o noso Señor.

R/. Amén

Pedimos a intercesión da Virxe do Carme polas Benditas Ánimas:

Salve, Raíña, Nai de misericordia...

Pola infinita misericordia de Deus, as almas de todos os fieis defuntos descansan en paz.

R/. Amén